

Contidos

Segundo os anteriores exames das probas de ABAU, nos contidos de cada autor deben incluírse:

CICERÓN

1. Contextualización. Figura clave da oratoria romana e da vida política da República no século I a.C.
2. Características xerais da retórica latina e de Cicerón: Estilo, intencións, recursos retóricos e función social dos seus discursos.
3. Tratados teóricos. Obras sobre teoría retórica.
4. Clasificación dos discursos. Tipos e contido dos discursos ciceronianos.
5. Estrutura formal. Partes habituais dun discurso romano.

PLAUTO

1. Contextualización. Autor de comedia latina do século III a.C., adaptador da *fabula palliata* grega.
2. Características xerais da comedia latinae de Plauto: Estilo cómico, estrutura típica, recursos escénicos e linguaxe popular.
3. Temas recorrentes. Motivos e situacións habituais nas súas obras.
4. Personaxes. Tipos cómicos e funcións dramáticas.
5. Argumentos e obras. Contido de comedias concretas.

TITO LIVIO

1. Contextualización. Historiador romano da época de Augusto, autor de *Ab urbe condita*.
2. Características xerais da historiografía latina
3. Características de Tito Livio. Narración, intención moralizadora e visión idealizada de Roma.
4. Obra historiográfica. Contido, estrutura e obxectivos da súa produción.

HORACIO

1. Contextualización. Poeta lírico da época augústea, influenciado pola lírica grega e defensor do equilibrio vital.
2. Características xerais da lírica latina
3. Características de Horacio. Métrica, formas poéticas e ton filosófico.
4. Temas principais: *Carpe diem*, amizade, natureza, moderación.
5. ***Diferenzas entre a épica e a lírica

VIRXILIO

1. Contextualización. Poeta nacional da Roma augústea, autor da Eneida como epopea fundacional.
2. Características xerais da épica latina. Elementos formais e temáticos do xénero.
3. Características de Virxilio. Estilo elevado, simbolismo político e tradición homérica.
4. Obra épica. A Eneida como obra central. Características da Eneida: Estilo, simbolismo e función ideolóxica.
5. Contido e estrutura da Eneida. División, episodios e desenvolvemento narrativo.

Rúbrica de Avaliación – Exposicións sobre Literatura Latina

Criterio	Descrición	Puntuación Máxima
1. Contido histórico-literario	Contextualización do autor, época, xénero e relevancia cultural.	2 puntos
2. Dominio do tema específico	Claridade e profundidade na exposición do tema asignado (ex. Eneida, Plauto...).	2 puntos
3. Uso de fontes e documentación	Emprego correcto de fontes, citas, e referencias académicas ou didácticas.	1 punto
4. Claridade expositiva	Linguaxe clara, estruturada e adaptada ao público (evitar tecnicismos innecesarios).	1 punto
5. Creatividade e recursos	Uso de materiais visuais, esquemas, dramatizacións, ou exemplos contrastivos.	1 punto
6. Corrección lingüística	Uso correcto do galego ou castelán, sen erros gramaticais ou ortográficos.	1 punto
7. Participación e expresión oral	Seguridade, entoación, contacto visual e reparto equitativo (en traballos grupais).	1 punto
8. Capacidade de síntese	Capacidade para resumir e destacar os aspectos clave sen divagar.	1 punto